

## 2.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 12: A proba final

### Actividade 1

**Enunciado: Forma o plural destas palabras.**

<b>xuíz</b>	<b>perdiz</b>	<b>nariz</b>	<b>paz</b>
xuíces	perdices	narices	paces

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre forma correctamente o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete un erro ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete tantos erros como acertos ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete máis erros que acertos ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Forma o plural de palabras rematadas en **z**.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 2

**Enunciado:** Subliña o **suxeito** e rodea o **predicado**.

- Os nenos pintan un debuxo na cociña.
- As plantas teñen moitas flores.
- A televisión está na habitación grande.
- O reloxo da cociña marca as dez en punto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica o suxeito e o predicado das oracións.	Comete un erro ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.	Comete dous erros ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.	Comete máis de dous erros ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica suxeito e predicado.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

### Actividade 3

**Enunciado: Escribe o predicado destas oracións.**

- Esa muller \_\_\_\_\_
- As patacas \_\_\_\_\_

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente predicados que concorden cun suxeito dado	Escribe con bastante corrección predicados que concorden cun suxeito dado	Cústalle escribir correctamente predicados que concorden cun suxeito dado	Non é quen de escribir correctamente predicados que concorden cun suxeito dado

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica suxeito e predicado

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 4

Enunciado: Fíxate no debuxo e escribe debaixo o que fan.



come



escribe



cantan

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece e emprega con corrección o vocabulario.	Coñece e emprega con bastante corrección o vocabulario.	Coñece de forma básica e emprega con algunha dificultade o vocabulario.	Non coñece nin emprega con corrección o vocabulario.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega novo vocabulario.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 5

**Enunciado:** Escribe unha oración con cada palabra.

onte

mañá

---

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Emprega correctamente o vocabulario para formar oracións	Emprega con bastante corrección o vocabulario para formar oracións	Cústalle empregar con corrección o vocabulario para formar oracións	Non é quen de empregar con corrección o vocabulario para formar oracións

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega o vocabulario.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 6

**Enunciado: Ditado.**

Paz ás veces fai unha torta de chocolate con noces que está para chupar os dedos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección ao ditado e aplica a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Escribe con bastante corrección ao ditado e aplica a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Cústalle escribir ao ditado con corrección e aplicar a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Non é quen de escribir ao ditado con corrección nin aplicar a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Forma o plural de palabras rematadas en **z**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 7

**Enunciado: Completa.**

- Cando non sabes facer algo precisas unhas...

listas.

receitas.

**instrucións.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre reconece a función das instrucións.	Case sempre reconece a función das instrucións.	Cústalle reconecer a función das instrucións.	Non é quen de reconecer a función das instrucións.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Reconece a función das instrucións.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 8

**Enunciado: Pon as oracións en plural.**

O xuíz cazou unha perdiz.

**Os xuíces cazaron unhas perdices.**

O mestre necesita o xiz para debuxar un nariz.

**Os mestres necesitan os xices para debuxar uns narices.**

A actriz fixo o papel de avestruz na obra.

**As actrices fixeron os papeis de avestruces nas obras.**

O neno non é capaz de xogar ao xadrez.

**Os nenos non son capaces de xogar aos xadreces.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre forma correctamente o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete un erro ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete tantos erros como acertos ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .	Comete máis erros que acertos ao formar o plural de palabras rematadas en <b>z</b> .

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Forma o plural de palabras rematadas en **z**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender



## Actividade 9

**Enunciado:** Subliña o **suxeito** e rodea o **predicado**.

- Os nenos da veciña xogan co balón no patio.
- As plantas do xardín teñen flores de moitas cores.
- O can de Miguel pelexa sempre co meu gato.
- O meu tío regaloume dous libros de misterio.
- O ordenador de Alexandre funciona todo o día sen parar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica o suxeito e o predicado das oracións.	Comete un erro ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.	Comete dous erros ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.	Comete máis de dous erros ao identificar o suxeito e o predicado das oracións.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica suxeito e predicado.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 10

**Enunciado: Ditado.**

Os rapaces ás veces pelexan pero despois fan as paces e volven xogar sen problemas outra vez.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección ao ditado e aplica a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Escribe con bastante corrección ao ditado e aplica a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Cústalle escribir ao ditado con corrección e aplicar a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .	Non é quen de escribir ao ditado con corrección nin aplicar a regra do plural das palabras rematadas en <b>z</b> .

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Forma o plural de palabras rematadas en **z**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender